

Normas de funcionamento interno do CORO AULA ABERTA

1

1. **O CORO AULA ABERTA**, da Asociación de Alumnos do PUM da Universidade de Vigo, nado no seo da dita Asociación, e dentro da que desenvolve as súas actividades, constitúe un agrupamento de persoas que procura compartir a súa paixón pola música a través da súa faceta coral, ao tempo que promove entre os seus compoñentes a súa formación musical.
2. Correspóndelle ao Director do Coro a planificación das súas actividades musicais, a elección do repertorio e a organización dos ensaios e actuacións a realizar, ben por propia iniciativa ou a proposta da Xunta Directiva. Tamén lle corresponde decidir sobre a admisión daquelas persoas que se postulen como novos membros do Coro.
3. Os membros do Coro deberán asistir aos ensaios e talleres que se determinen polo Director, así como asistir ás actuacións e actividades programadas, agás causa xustificada de forza maior.
4. Os membros do Coro deberán abonar puntualmente as cotas mensuais fixadas pola Xunta Directiva.
5. O impago por tres meses da cota mensual fixada, será motivo de expulsión inmediata.
6. O Director, co Visto e Prace do Coordinador, terá as facultades necesarias para adoptar as medidas que estime convenientes para o cumprimento polos membros do Coro das súas obrigas.
7. Nos meses de xullo e agosto non haberá ensaios e non se pagará cota, polo que as cotas a abonar serán dez, por curso académico.
8. En tanto non se determine outra cousa por parte da Xunta Directiva, establécense as seguintes regras:
 - a) A cota mensual será de 10 €. Cada ano revisarase dita cantidade.

- b) Os ensaios serán de dúas horas semanais, a saber: os luns de 11:00 a 13:00 horas. Este horario poderá ser modificado segundo as necesidades o esixan.
- c) O lugar dos ensaios será a EMAO, rúa García Barbón nº 5 de Vigo. Este lugar poderá cambiar segundo as necesidades o esixan.
9. A tempada de ensaios e actuacións será de setembro a xuño, ambos os dous inclusive.
10. Nas actuacións cara o público, os membros do Coro deberán ir vestidos do xeito que determine a Xunta Directiva.
11. O uniforme que o Coro vestirá nas actuacións, será o seguinte:
- Mulleres: Pantalón, blusa e zapatos negros (sen colares nen outros adobíos)
- Homes: Traxe escuro, camisa branca, garabata do Coro, zapatos e calcetíns negros.
- Todos: Beca ou banda do Coro Aula Aberta.
12. A admisión como membro do Coro supón a aceptación e asunción das obrigas anteditas e o seu incumprimento poderá dar lugar á expulsión do Coro.

Aprobado pola Xunta Directiva en reunión plenaria o 14 de decembro de 2017.